

CONCELLO DE PONTECESO - BOQUEIXÓN

Alineacions.-

Concello de Ponteceso.- Salomé, Sonia, Carmen, Iria e Paloma (cinco inicial). Tamén xogaron Cris Santos, Ana, Mónica, Martina, Marta, Chris e Tamara.

Boqueixón F.S.- Rocío, Tania, Marina, Paula e Salomé (cinco inicial). Tamén xogaron Lidia e Raquel.

Goles.-

0-1 Paula.

0-2 Paula.

0-3 Tania.

0-4 Marina.

Resultado final Concello de Ponteceso (0) - Boqueixón F.S. (4).

Como ven sendo costume, o Ponteceso fixo uns 20 primeiros minutos mois bós defensivamente, ata o minuto 22 que se adiantou o boqueixón nun erro na saída do balón das locais, que propiciou un roubo de Paula que acabou definindo nun un contra un diante de Salomé.

Cabe destacar nesta primeira metade as boas paradas feitas pola porteira local Salomé, que impediu que o boqueixón chegara cunha rentada maior ó descando.

Xa na segunda parte do partido, as xogadoras de Boqueixón saíron cunha forte presión a todo o campo, vendo as dificultades do Ponteceso para combinar varios pases seguidos. Froito desta presión, e a raíz doutro roubo na circulación de balón das locais, chegaría o segundo das visitantes no minuto 36, por medio outra vez da súa pivote Paula.

Seguidamente o Ponteceso tivo que estirar as líneas para intentar acercarse ao marcador e despois dunha boa ocasión de Cris Santos, que fallou a porta vacía despois de regatear a porteira do Boqueixón, as visitantes marcarían o terceiro e o cuarto en sendos contragolpes collendo as Pontecesáns coas líneas moi adiantadas.

Como ven sucedendo nas xornadas anteriores, as xogadoras de Ponteceso cóstalle manter a concentración defensiva nos últimos minutos de cada parte, o que sigue facendo moi dificultoso chegar ós últimos minutos dos partidos cun marcador máis axustado.

CD MABEGONDO – CONCELLO DE PONTECESO

Alineacions.-

C.D. Mabegondo.- Melisa, Ana, Patricia, María e Isabel (cinco inicial). Tamén xogaron Vanesa, Bibiana, María e María A.

Concello de Ponteceso.- Salomé, Sonia, Chris, Carmen e Martina (cinco inicial). Tamén xogaron Cris Santos, Ana, Mónica, Paloma, Marta, Iria e Tamara.

Goles.-

1-0 María.

2-0 Patricia.

3-0 Ana.

4-0 Salomé (p.p).

5-0 Isabel.

6-0 Patricia.

Resultado final C.D. Mabegondo (6) - Concello de Ponteceso (0).

O equipo de Ponteceso saíu moi centrado ó partido, o que fixo que os primeiros 20 minutos de partido estiveran moi ben en defensa, desvaratando tódolos ataques das Mabegondesas. Despois no min. 22 un fallo de marcaxe fixo que o Mabegondo se adiantara no marcador, e un minuto máis tarde, no 23, aproveitándose dun rexeite nunha boa parada de Salomé, marcaron o segundo.

Despois do descanso, o Ponteceso volviuse a enchufar ó partido, tendo dúas claras ocasións para marcar por medio de Carmen e Martina, pero non estiveron acertadas as Pontecesans. No minuto 40, na primeira ocasión que tuvo o Mabegondo nesta segunda parte, colocaron o terceiro no marcador nunha boa acción persoal de Ana. E dous minutos máis tarde, a mala sorte alíase con Salomé o introducir na súa propia portería un centro das locais.

Nos últimos oito minutos e ante a desconsolación das visitantes, chegarían outros dous goles locais para poñer o resultado final no 6-0 que reflexaba o marcador.

Cabe destacar que o Concello de Ponteceso, sae moi enchufados os encontros facendo os dous primeiros tercios de cada parte moi serios, tendo senpre problemas nos últimos 7-8 minutos de cada parte onde perden un pouco a concentración, e tamén despois de recibir un gol parece que as Pontecesáns baixan os brazos durante uns minutos o que fai moi costa arriba aguantar a igualdade nos partidos.